# Máis medios, máis implicación.









# E ademais, un servizo gratuíto de recollida de trastes

Se tes trastes vellos, chama ao 900 101 390
ou a través da web www.monfortedelemos.es e solicita a súa recollida.




FCC Servicios Ciudadanos

monforte delemos

O novo servizo de limpeza

Teléfono gratuíto 900 10 13 90

Concello de Monforte de Lemos

# Monforte de Lemos unha cidade máis *sostible* e *limpa*

FCC Servicios Ciudadanos

monforte delemos

O novo servizo de limpeza

Teléfono gratuíto 900 10 13 90

www.monfortedelemos.es

Concello de Monforte de Lemos



# Agora en Monforte temos un dos servizos de limpeza máis modernos de Galicia




## cubeo diario

Todos os días, a partir das **19.00 h.**, nas proximidades do teu domicilio, dispós de cubos onde depositar o lixo, os cales a partir das **23.00 h.** son retirados.

■ Máis información no **900 101 390.**

*No ámbito rural o sistema de recollida do lixo é mediante colectores permanentes.*

## Con máis medios materiais e humanos

Máis persoal, novos camións para a recollida diaria de lixo, baldeadoras, varredoras, papeleiras, colectores para a reciclaxe...





## Ti tamén podes colaborar coa limpeza

**Reduce** — Debemos procurar facer un consumo responsable dos produtos, xa que para a súa fabricación precísanse materias primas que non podemos malgastar como o petróleo e a auga. Evita usar bolsas plásticas. Non malgastes enerxía eléctrica e auga sen necesidade.

**Reutiliza** — Reutilizar o maior número posible de obxectos para producir menos lixo contaminante.

**Recicla** — No teu concello hai preto de 100 illas de reciclaxe. DALLE USO. Fíxate onde tes que depositar cada cousa como che indicamos.

**Lembra** — Non deposites o lixo fóra do cubos e horarios establecidos, utiliza as papeleiras, recolle os excrementos da túa mascota...

# Xoga limpo con Monforte!

✔ **Deposita no colector azul** todo tipo de papeis e cartón -libros, xornais e revistas, cadernos sen metais, papel de envolver...-

**Non deposites** papeis sucios, bolsas de plástico nin cueiros ou compresas ou panos de cociña. Tíraos no cubo do lixo normal.
E prega as caixas de cartón para que ocupen menos espazo.

✔ **Deposita no colector verde** do vidro botellas e frascos.

**Non deposites** lámpadas, espellos, louza ou cristal de fiestras, cerámicas, porcelanas, tapas nin tapóns, bolsas de plástico, fluorescentes... Estes obxectos deben ir ao cubo do lixo normal ou ao punto limpo.

✔ **Deposita no colector amarelo** todo tipo de envases plásticos, bolsas, briks e latas.

**Non deposites** obxectos de plástico agrícola ou industrial que non sexan envases como cintas de vídeo, carretes de fotos, cepillos de dentes ou xoguetes. Debes tiralos no cubo do lixo normal ou ao punto limpo.

*Os comerciantes dispoñen dun servizo exclusivo de recollida do cartón xerado no seu negocio, para evitar masificar estes colectores.

